

NORMAS PARA ENVÍOS DE RELATORIOS

1 No encabezado deberán figurar os seguintes datos: título, apelidos e nome do/a autor/a, centro de traballo. A continuación un resumo cunha extensión aproximada de 150 palabras.

2 A extensión máxima será de 10 páxinas cun tamaño e tipo de letra Times New Roman 12 para o corpo do texto e Times New Roman 10 para as notas a pé de páxina. Espaciado de 1.5.

3 Notas: pór antes de punto e seguido (ex: ^{1.}) e, preferiblemente, no final do parágrafo (ex: ^{2.}).

4 As citacións irán ao xeito usual nas Ciencias Sociais: apelidos, ano: páx.- páxinas (ex: Villares, 1992: 350; Barreiro Fernández, 1997: 420-421) no propio texto, deixando as notas a pé de páxina para citas documentais e textuais, reflexións críticas, etc.

5 A bibliografía final conformarase nun único listado ao final do volume, citada do xeito que segue: apelidos, inicial do nome, ano de publicación (entre paréntese), título (en cursiva para monografías, entre aspas para artigos), lugar de edición, editorial, páxinas (inicial e derradeira no caso de artigos en revistas ou obras colectivas). Ex.: Orden, M^a. L. da (2005), *Inmigración española, familia y movilidad social en la Argentina Moderna. Una mirada desde Mar del Plata*. Buenos Aires, Ed. Biblos. - (2001), "La inmigración gallega en Mar del Plata: trabajo, movilidad y relaciones personales, 1895-1930", en X. M. Núñez Seixas, comp., *La Galicia Austral. La inmigración gallega en la Argentina*. Buenos Aires, Ed. Biblos.

6 Aceptaranse todos os relatorios na lingua orixinal que elixa o autor, comprometéndose o mesmo a facilitar unha tradución para o libro de actas.

7 Seccións Temáticas:

O oficio de afiar.

Os oficios como patrimonio cultural

A lingua e os oficios: as falas gremiais

Educación, patrimonio inmaterial e oficios.

8 As propostas de relatorios enviaranse antes do 15 de setembro por correo electrónico (xcid@uvigo.es) ou por carta ao seguinte enderezo: V CONGRESO GALEGO DE PATRIMONIO ETNOGRÁFICO Facultade de CC. da Educación, Avda. Castelao s/n, Ourense, CP 32004, en papel e CD.

XUSTIFICACIÓN

Despois dos congresos sobre patrimonio inmaterial, organizados polo Centro de Cultura Popular Xaquín Lorenzo da Deputación Provincial de Ourense, no ano 2003, e polo mesmo Centro en colaboración coa Facultade de Ciencias da Educación e coa Asociación Nova Escola Galega, en 2007, 2009 e 2011, coa publicación das actas correspondentes, pretendemos dar continuidade a este evento, coa participación destas e outras institucións implicadas na temática proposta nesta edición.

O cerne desta iniciativa é fomentar a visibilización do patrimonio inmaterial e da súa riqueza na Galicia interior, así como presentar novas prácticas para a súa difusión e inmersión nos programas educativos.

O congreso preséntase deste xeito como un foro de debate e participación, do que se podan extraer conclusións para a posta en práctica de novos xeitos de coñecer, recuperar, valorar e transmitir o patrimonio común.

Obxectivos:

- Fomentar no Profesorado e Educadores o afán polo coñecemento da cultura propia.
- Coñecer as boas prácticas do Patrimonio para transmitir ao alumnado.
- Fomentar o coñecemento, respecto e utilidade educativa do patrimonio cultural galego.
- Motivar cara a recuperación da cultura popular galega.
- Dar a coñecer importantes recursos educativos da comunidade para levar a cabo unha educación patrimonial.
- Fomentar o traballo investigador da realidade do patrimonio etnográfico galego e a súa proxección internacional


Temas:

- O oficio de afiar.
- Os oficios como patrimonio cultural
- A lingua e os oficios: as falas gremiais
- Educación, patrimonio inmaterial e oficios.

ORGANIZAN:



PATROCINAN:



COLABORAN:

CASA DAS RODAS
FUNDACIÓN VICENTE RISCO
CONCELLOS DA RIBEIRA SACRA E TERRAS DE TRIVES
MUSEO DA CUCHILLERÍA DE ALBACETE
MUSEO D'ARROTINO DE STOLVIZZA, VAL DE RESIA-ITALIA

V CONGRESO DE PATRIMONIO ETNOGRÁFICO II INTERNACIONAL

*O afiado e outras
técnicas artesanais
de comunidades rurais*

Facultade de Ciencias
da Educación

9 - 13/10/2014

Conferencias

Mesas redondas

Saídas de estudo

Relatos de experiencias

Proxeccións documentais

Comunicacións - enviar propostas até o 15 de Setembro a xcid@uvigo.es

PROGRAMA

Xoves, 9 de outubro

O oficio de afiar

- 18:00 Acto de inauguración
- 18:30 Conferencia inaugural: *O oficio de afiar*. Olegario Sotelo Blanco
- 19:30 Descanso
- 20:00 Mesa redonda: *O oficio de afiar e oficios relacionados*. Fátima Braña, X. Manuel González Reboredo, Álvaro Campelo e Santiago Veloso

Venres, 10 de outubro

Técnicas artesanais e patrimonio cultural

- 9:30 Mesa de Debate: *A memoria do oficio*
Introdución: *Representacións e discursos patrimoniais dos oficios*. Xosé Carlos Sierra.
O afiador na filatelia mundial. M^a. Elisa Abad
A Casa das Rodas. Florencio de Arboiro
O Museo da Cuchillería de Albacete. María de Pascual (Directora) e Fco. Javier Díaz de Pardo (Director Executivo)
- 11:00 Descanso
- 11:15 Mesa Redonda: *Experiencias expositivas doutros oficios*. Vilar de Santos, Allariz, Museo do Pobo Galego, Montealegre (Portugal)
- 12:30 Relatorios: comunicacións
- 15:30 Obradoiro-Saída de campo a Ribeira Sacra e Trives
- 16:00 Visita a construtores de rodas de afiar de Nogueira de Ramuín
- 17:30 Oficios e actividades lúdicas no concello de Parada do Sil.
- 20:30 Proxección do documental *A última viaxe do afiador* e posterior coloquio coa participación do seu director, Aitor Rei, e afiadores protagonistas da historia.

Sábado, 11 de outubro

Obradoiro

- 9:30 Saída dende Trives cara Arboiro (S. Xoan de Río)
- 10:00 Visita á Casa das Rodas: narración e explicacións a cargo de Florencio de Arboiro
- 11:00 Coloquio - Conversas con afiadores, quincalleiros e outros oficios ambulantes da contorna
- 12:00 Conferencia: Bernard Bertrand (estudoso dos afiadores franceses)
- 14:00 Xantar popular
- 16:00 Viaxe de regreso a Ourense por ruta de interese etnográfico: Chandrexa de Queixa, Niñodaguia (Xunqueira de Espadañedo) e S. Pedro de Rocas (Esgos)

Luns, 13 de outubro

Oficio e fala

- 16:00 Relatorios: comunicacións
- 18:00 Documental: Proxección do documental *Que volvan a casa* (Italia)
- 19:00 Conferencia: *Il Arrotino*. Bighiani Giovannino (Dtr. do Museo d'Arrotino de Stolvizza-Val de Resia-Italia)
- 19:30 Irmanamento cos Arrotinos, afiadores italianos de Stolvizza, Val de Riesa-Italia
- 20:00 Mesa redonda: *Oficio e fala*. Isaac Estraviz, Delfín Caseiro, Fernández Ferreiro, Rodríguez Gomes
- 21:30 Acto de Clausura
- 22:00 Entrega de diplomas

LUGAR DE CELEBRACIÓN

AULA MULTIUSOS DO EDIFICIO DE FERRO DO CAMPUS DE OURENSE
SAÍDAS DE CAMPO: LUÍNTRA, PARADA DO SIL, TRIVES, S. XOAN DE RÍO, CHANDREXA DE QUEIXA, XUNQUEIRA DE ESPADANEDO E ESGOS

FICHA DE INSCRICIÓN

DATOS PERSONAIS

NOME	APELIDOS	DNI	Teléfono
ENDEREZO		NRP	Correo electrónico

MODALIDADE	PREZO ¹	BUS ²	CEA DO 10 EN TRIVES ³	DURMIDA DO 10 EN TRIVES ⁴	XANTAR POPULAR DO 11 EN ARBOIRO ⁵	TOTAL A INGRESAR
PÚBLICO EN XERAL Congreso: 30 horas / 1 Crédito ECTS. Xoves, venres, sábado e luns. Inclúe desprazamentos (non inclúe comidas nen aloxamento, deberanse abonar aparte).	30€		10€	22€ (H. La Viuda: 1 ou 2 pax)	8€	
ESTUDANTES Congreso: 30 horas / 1 Crédito ECTS. Xoves, venres, sábado e luns. Inclúe desprazamentos, aloxamento en albergue e comidas da organización.	30€		INCL.	INCL. (Albergue en Manzaneda)	INCL.	
PROFESORADO Seminario Pedagógico-Obradoiro: 20hrs. Xoves, venres tarde, sábado e luns para profesorado en exercicio e reserva dun 30% de prazas para profesorado demandante de emprego. Inclúe desprazamentos (non inclúe comidas nen aloxamento, deberanse abonar aparte)	20€		10€	22€ (H. La Viuda: 1 ou 2 pax)	8€	
SÓ OBRADOIRO PRÁCTICO: 16 hrs. Venres tarde e sábado. Non inclúe comidas nen aloxamento, que se deberán abonar aparte. Poderán utilizar o bus da organización en función das prazas que queden libres.	INCL.		10€	22€ (H. La Viuda: 1 ou 2 pax)	8€	

Ingreso en SWIFT/BIC: CAGLESMMXXX - IBAN: ES7720800300853040089500 Nova Galicia Banco, indicando V Congreso Patrimonio e nome e apelidos. O boletín de inscrición deberá ser enviado, xunto co xustificante bancario do pago das cotas correspondentes, ao correo electrónico xcid@uvigo.es antes do día 30 de setembro de 2014.

¹ Marcar cun X a modalidade na que se matricula.

² Marcar cun X se utilizará o autobús da organización.

³ Marcar cun X se participará na cea da organización (menú no H. La Viuda).

⁴ Marcar cun X se se aloxará nas intalacións concertadas pola organización.

⁵ Marcar cun X se participará no xantar popular da organización.

Para calquera dúbida, consultar a través do correo electrónico xcid@uvigo.es